



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

## PROVIDENCIA

*Asunto: Modificación da Ordenanza reguladora do Prezo Público pola prestación do servizo de "Centro de Día para persoas maiores" do Concello de Lousame.  
Expediente: 2024/G016/000003*

D. M<sup>a</sup> Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Lousame, e no uso das competencias atribuídas pola lexislación vixente en materia de réxime local, emite a presente Providencia baseada nos seguintes antecedentes:

1. O Concello de Lousame ten interese público en aprobar unha modificación da Ordenanza reguladora do Prezo Público pola prestación do servizo de "Centro de Día para persoas maiores" do Concello de Lousame; co obxecto de adaptar eses prezos públicos ao Decreto 99/2012 de 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu funcionamento, en concreto, ao artigo 62 que regula a participación dos usuarios no financiamento doutros servizos sociais comunitarios nos que se aplique o copagamento.
2. Mediante providencia da Alcaldía do día 22.07.2024 solicítase ao Departamento de Servizos Sociais que emita informe-proposta sobre a modificación que é preciso acometer na actual ordenanza reguladora do prezo público.
3. O día 22.07.2024 a Traballadora Social Coordinadora emite informe sobre a necesidade de acometer a modificación normativa; e do mesmo xeito, achega borrador do texto da ordenanza modificada.
4. O día 23.07.2024 a Traballadora Social Coordinadora emite informe técnico sobre proxección de ingresos a recibir dos usuarios, na aplicación dos prezos públicos modificados.
5. Da análise dos custos do Centro de Día resulta que os ingresos estimados non dan cobertura ao custo de prestación do servizo.

Por todo o exposto, **DISPOÑO:**

**Primeiro:** Considerar que existen razóns sociais ou de interese público que xustifican establecer unhas tarifas que non dean cobertura ao custo de prestación do servizo.

**Segundo:** Que se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir para levar a cabo a modificación deste prezo público

**Terceiro:** Dar conta a esta Alcaldía, para resolver o que proceda.

Lousame, na data da sinatura dixital.

A Alcaldesa, M<sup>a</sup> Teresa Villaverde Pais.